



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso
administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2021/G010/000006
Sesión núm. 06/2021

DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

De conformidade co establecido no artigo 46, apartados 2 e 3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en consonancia co Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se decretou o Estado de Alarma polo Goberno de España para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, co Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declarou novamente o Estado de Alarma polo Goberno de España para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, e as medidas sanitarias en vigor

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar sesión do Pleno do Concello a celebrar de forma telemática nas data e hora que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

Sesión de: Pleno	Data da sesión: 29 de abril do 2021
Convocatoria: Ordinaria telemática	Hora: 20.00
	Lugar: A distancia; vídeo-conferencia Zoom

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación das actas (sesión núm. 05/2021).
- 2º.- Subvención nominativa para Reforma edificación (antigo edificio escola de Carnoedo).
- 3º.- POS+2021: Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021. Solicitud xeral.
- 4º.- Resolución do recurso de reposición presentado polo grupo municipal do PP o 28.01.2021 (NRE 202199900000435) contra o acordo adoptado no punto 2º da sesión plenaria ordinaria do 29.12.2020.
- 5º.- Resolución do recurso de reposición presentado polo grupo municipal do PP o 28.01.2021 (NRE 202199900000434) contra o acordo adoptado no punto 3º.B.2 da sesión plenaria ordinaria do 29.12.2020.
- 6º.- Control da actividade dos restantes órganos da Corporación.
 - A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 22 de marzo (núm. 647) ata o 23 de abril do 2021 (núm. 899).
 - B.- Mocións.
 - C.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución aos sres. concelleiros membros do órgano colexiado, advertíndolles de que, conforme co disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar con antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión, así como que se lles remitirá a ligazón ao correo electrónico para participar na sesión media hora antes da celebración, de acordo cos métodos practicados nestes días.

TERCEIRO: Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, que deba servir de base ao debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da remisión por medios dixitais da documentación.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e polo secretario acctal. do Concello, Juan Esteban Méndez Leiva, o 26 de abril do 2021.